

Programa “TI PODES” tratamento asertivo comunitario

Entidade executante

Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada

(alborada@alborada.org)

Ámbito territorial

Concello de Redondela (ámbito territorial de Chapela).

Persoas destinatarias

Persoas con trastorno aditivos e ás súas familias e ou persoas convivintes .

Obxectivos

Xeral:-Fomentar a atención biopsicosocial de forma individualizada.

-Promover a adherencia dos/as pacientes no tratamento.

-Realizar unha recollida de información que permita levar a cabo o diagnóstico Social.

-Impulsar a participación do terceiro sector para alcanzar melloras no ámbito comunitario de Chapela.

-Xerar espazos de escoita que alimenten a participación da cidadanía en xeral

-Elaborar recursos didácticos de formación no ámbito comunitario.

Específicos:-Intervir de forma periódica nos domicilios para a avaliación de cada caso.

-Realizar actividades grupais cunha importante carga socioeducativa en relación á prevención de consumo de sustancias psicotrópicas.

Metodoloxía

Intervención directa cos pacientes , a través dun traballo socioeducativo en relación as seguintes áreas: promoción da saúde, área convivencial, ocio e tempo libre, área educativa e economía.